



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 21 DE MAIO DE 2014

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URXENTE

CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

FALTAN Á SESIÓN:

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e ún de maio dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APRECIACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVA AO ESTABLECEMENTO DE SECTORES PRIORITARIOS PARA A REALIZACIÓN DE CONTATACIÓNS DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL OU NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVA Á SOLICITUDE DE ESTUDO E APROBACIÓN DOS PUNTOS LÍMITE DA TARIFA URBANA A REFERENCIAR POLOS APARATOS TAXÍMETROS NOS VEHÍCULOS TAXI DO CONCELLO DE A ESTRADA, FORMULADA POLA PRESIDENCIA DE TAXIS ASOCIACIÓN DE AUTOPATRONOS DE PONTEVEDRA CAPITAL Y MUNICIPIOS DE LA PROVINCIA (R.E. Nº 3.360/2014, DO 24 DE MARZO)

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APRECIACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.

Sr. Alcalde.- Boa tarde a todos e benvidos á sesión extraordinaria urxente do Pleno, que neste caso ao ser urxente e extraordinaria o primeiro punto é a aprobación da urxencia da sesión, neste caso vén motivada como ben saben polo escrito i pola urxencia acumulada pola Asociación de Autopatróns de Pontevedra en relación ao tema da Lei que vincula un cambio importante no sector do taxi, do transporte de persoas, i polo tanto nos solicitaban que neste mes o máis rápido posible fôsemos quen de dar o visto bo ás propostas, en todo en caso ás modificacións establecidas na Comisión Informativa i debatidas polos grupos. É que, bueno, pois a súa urxencia é que teñen que estar incorporando todas as modificacións que esa Lei esixe a mediados do mes de xullo. Así que entendíamos que era necesario convocar esta sesión de forma urxente para dar trámite a esta cuestión. ¿Non sei se hai algunha cuestión sobre a urxencia? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, entendendo a normativa que se aprobou no 2013 con respecto á Lei do taxi, entendendo as condicións que lle pon e a necesidade de que entre en vigor este acordo en tempo e forma, dende logo o que non podemos é compartir que se teña que traer esto por sesión extraordinaria e urxente a este Pleno, posto que o rexistro da Asociación de Taxis no que se pedía esto está feito o 24 de marzo, i estamos practicamente dous meses despois. Entendemos que, por tanto, se podía ter levado a un Pleno ordinario, posto que se pudo convocar perfectamente a Comisión en tempo e forma. Insistimos, non estamos entrando a valorar o que é a propia necesidade de que se aprobe este acordo nos prazos previstos para a súa entrada con respecto á Lei, pero si evidentemente as formas nas que se convocan, nas que se fai esta convocatoria, non podemos compartila, moitas grazias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, ¿algunha outra cuestión? Sabe vostede que, en todo caso, hubo que facer unha tramitación municipal ca convocatoria do Consello Económico Social, i determinados trámites que entendemos que, bueno, pois os expedientes son o que son i nós intentamos resolvelo o máis rápido posible. Así que entendendo a súa posición pois creo que queda suficientemente motivada a urxencia i procedemos a súa votación.

Sr. Alcalde.- Bueno, antes de continuar co debate plenario tras informe da Secretaria municipal lles traslado unha cuestión de orden, i é que bueno pois fai escasos minutos unha das Concelleiras acaba de comunicar que non se podía achegar a súa hora ao Pleno, i parece ser que o acordo de aprobación da urxencia deste pleno non se pode acordar con maioría simple, hai que acordalo con maioría absoluta. Polo tanto habrá que suspender ou solicitamos a suspensión desta sesión durante un tempo prudencial para poder facer a votación como corresponde, no caso de que os partidos políticos teñan claramente decidido o seu voto pois teremos que repetir de novo a votación. Así que si lles parece suspendemos a sesión durante uns minutos, e esperemos que en non máis de cinco, dez minutos poidamos ter aquí a presenza da concelleira e continuamos a sesión nese espacio de tempo. Moitas grazias.

Sr. Alcalde.- Pois ante a imposibilidade por problemas de saúde de poder acudir a Concelleira, i ante a evidencia de que a

urxencia foi aprobada por maioría simple i non se axusta ao establecido no ROF, suspendemos a sesión i volverase a celebrar nos próximos días ¿non sei si...? ¿non sei si se pode convocar...? mirarémolo...

(ruído)

Sr. Alcalde.- Miraremos a convocatoria e se damos convocado...o problema é que ten que ser 24 horas i non estaría dentro do permitido, pois Magariños miraremos cando tal, suspendemos a sesión i volverémola a convocar. Moitas gracias.

Unha vez sometida a urxencia a votación, non se acada a maioría absoluta para a súa aprobación, polo que se suspende á sesión.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión ás vinte e dúas horas corenta minutos.

A Estrada, 21 de maio de 2014
A SECRETARIA EN FUNCIONES,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas